

Conservatorio Profesional de Música de Vigo

PROGRAMACIÓN OFICIAL LOE 2011/2012

(segundo os Decretos 198/2007 e 203/2007)

Itinerario de Musicoloxía

(G. Profesional)

Departamento de Composición

<http://centros.edu.xunta.es/cmusprofesionalvigo>



Índice

Introdución	3
OBXECTIVOS	3
Obxectivos xerais:.....	3
Metodoloxía.....	4
Instrumentos de avaliación:	5
Mínimos esixibles	6
Proba de setembro	6
Temporalización	6
Recursos didácticos.....	7
Bibliografía recomendada:	7
Contidos.....	8
Contidos Actitudinais:	8
Contidos Procedimentais:	8
Contidos Conceptuais:.....	8
Actividades complementarias e extraordinarias:	10
Faltas de asistencia	11



Introdución

Segundo o disposto polo Decreto 203/2007, de 27 de Setembro, polo que se establece o currículo dos ensinos profesionais de réxime especial de música, o itinerario de musicoloxía propónse ofrecer ao alumno unha serie de coñecementos xerais básicos sobre a metodoloxía da investigación musicolóxica.

Con esa finalidade, a materia Musicoloxía pretende, dentro do ensino especializado do grado profesional, iniciar ao alumno nesta disciplina, que se suscita como unha introdución aos seus posteriores estudos superiores de Historia e Ciencias da Música na Universidade, ou de Musicoloxía no Conservatorio Superior.

Así mesmo e segundo sinala este Decreto, dado o enfoque predominantemente analítico e investigador desta materia, considérase apropiada non só para o alumnado que desexe cursar estudos de Musicoloxía posteriormente, senón para calquera estudante interesado en afondar nas facetas científicas e humanísticas da Música.

Sendo esta disciplina absolutamente inabarcable no transcurso dunha materia destas características, pretenderase ofrecer unha panorámica o suficientemente heteroxénea como para familiarizar ao alumno cos principais puntos de interese da materia, procurando non mostrar unha visión segada da mesma.

OBXECTIVOS

Obxectivos xerais:

De acordo co sinalado polo Decreto 203/2007, a materia de carácter obrigatorio Musicoloxía, pertencente ao itinerario desta especialidade, ten como obxectivo contribuír ao desenvolvemento no alumnado das seguintes capacidades:

1. Proporcionar unha aproximación á musicoloxía, a través do coñecemento do seu obxecto, a súa historia, corpus teórico e metodoloxía, coa finalidade de capacitalos para poder emitir un xuízo valorativo estético desde un punto de vista científico e omniconceptivo.
2. Introducir ao estudante na investigación musicolóxica, no manexo das fontes, as ferramentas e técnicas de traballo empregadas, co obxectivo de cualificalos para realizar as súas propias investigacións.
3. Relacionar de forma autónoma e crítica os coñecementos adquiridos ata o momento presente a un nivel práctico, analítico e interpretativo, con datos doutra índole, de carácter en ocasións extramusical (social, histórico, cultural, político, tecnolóxico, etc), para desenvolver unha visión holística do fenómeno musical, nos seus múltiples facetas e expresións.
4. Establecer uns criterios mínimos para a valoración e estudo das manifestacións musicais, a través do coñecemento dos diferentes enfoques desde os que é posible abordalas.

E máis especificamente:

5. Descubrir como determinados conceptos musicolóxicos mediatizan a visión da historia e a recuperación que se fai desta, influíndo de xeito indirecto nas novas creacións. Ampliar os límites cronolóxicos, culturais e críticos de escoita. Aprender a



posicionarse de xeito crítico ante calquera tipo de manifestación musical.

Metodoloxía

Estratexias metodolóxicas:

A materia abordárase de forma dinámica, esixindo a participación activa do alumno, para o que se fará imprescindible o reparto do traballo con anterioridade a cada sesión pedagóxica, o que contribuirá a que a responsabilidade estea compartida e a que o alumno séntase motivado para o estudo e non adopte unha disposición pasiva ante a clase ou ante a materia. Pode ofrecerse un texto para analizar ou datar para a seguinte clase, ou unha cuestión concreta para ser estudada, que se relacionará co tema a abordar. Así, os alumnos terán a posibilidade de manexar as fontes e de interesarse por un tema de forma previa ao seu estudo en clase. Se procurará facilitar a aprendizaxe por descubrimento, poñendo a disposición do alumno a información que se requira para a comprensión da materia. Propiciarase a elaboración e maduración de conclusións persoais achega dos contidos traballados. Os contidos de carácter teórico proporcionánsense preferentemente en fotocopias, pero, se existe a posibilidade, incitarase ao alumno a ampliar a información utilizando a bibliografía complementaria que se ofrece na programación. A exposición dos trazos fundamentais de obras musicais, o comentario estético-musical e as recensións críticas de fontes secundarias, proporcionasen coñecementos actualizados sobre os diferentes enfoques da musicoloxía, á vez que suscitarán dúbidas nos alumnos que estimularán a reflexión e desenvolverán a súa espírito crítico.

En último termo, estableceranse as conclusións e os puntos de contacto con outros temas relacionados (interpretación, análise, socioloxía da música, escoita musical...)

Segundo o previsto no apartado Temporalización, trataranse durante os dous primeiros trimestres os contidos de carácter teórico relacionados coa historia da musicoloxía, as fontes, e as estratexias de investigación, e ao longo do último trimestre, se afondará no estudo dos comentarios de texto e auditivos, para os que se fará uso das ferramentas aprendidas durante os dous trimestres previos. Así mesmo, ofrecerase ao alumno a posibilidade de realizar un pequeno traballo de investigación para que poida demostrar a súa destreza como investigador novel.

AVALIACIÓN

Criterios de Avaliación:

En función co especificado no currículo desta materia polo Decreto 203/2007 de 27 de Setembro de 2007, establécense os seguintes criterios avaliativos:

1. Definir, empregando un léxico apropiado, as particularidades metodolóxicas de cada corrente e autor tratado, as características básicas de cada música estudada, e os conceptos básicos da musicoloxía, e referirse a elas de forma correcta. Este criterio avalía a capacidade do alumno para captar e describir o pensamento dos principais autores, así como para distinguir as principais características das músicas tratadas e do tratamento científico das diversas fontes de interese musicolóxico. Explicar, empregando un vocabulario apropiado, as características fundamentais propias da materia a través da historia da musicoloxía, establecendo a relación co método científico aplicado á investigación musical xerado nesta disciplina. Con este criterio mídese a



capacidade do alumno de establecer relacións globais entre as disciplinas asociadas inseparablemente ao estudo científico da música, tales como a historia, a socioloxía, a antropoloxía e a etnografía, seguindo os criterios empregados na musicoloxía desde os seus inicios aos nosos días. Recoñecer, nas audicións e análises propostas, as características básicas das sonoridades vocais, instrumentos, formas, xéneros, estilos..., situándoas en coordenadas xeográfico-temporais aproximadas, asociando as súas características musicais cos patróns culturais imperantes, e relacionándoas entre si. Este criterio avalía a capacidade do alumno para captar as particularidades propias das fontes tratadas, os distintos estilos, contextos e as súas peculiaridades. Preténdese así avaliar a evolución do pensamento crítico do alumnado, no referente á súa capacidade de valoración das diferentes músicas estudadas, sinalando semellanzas e diferenzas entre elas. Identificar o papel desempeñado pola música na súa expresión cotiá, valorando a súa contribución á entidade cultural, así como na súa propia formación e benestar persoal. Con este criterio preténdese avaliar a capacidade do alumnado para detectar a presenza da música na sociedade, estendendo a súa consideración sobre a música considerada culta a outras formas de expresión musical non presentes nos ámbitos académicos. Recoñecer as circunstancias de todo tipo que inciden na creación e función musical, en épocas, estilos ou autores máis representativos, xa sexan estes pasados ou presentes. Este criterio avalía ata que punto o alumno é capaz de analizar a complexidade de circunstancias e intereses (políticos, culturais, sociais, económicos, ideolóxicos...), que pola súa importancia, supoñen un determinado desenvolvemento ou situación musical. Reflexionar sobre o desenvolvemento evidente e acelerado no consumo de música que se dan na sociedade actual, incidindo nos aspectos sociais máis relevantes e contextualizando o seu desenvolvemento a curto e medio prazo. Este criterio avalía a capacidade do alumno para recoñecerse como ser musical no contorno no que vive, medindo as paisaxes sonoras ao seu alcance e os medios de produción e consumo de música. **Instrumentos de avaliación:**

1. Realización de diferentes probas escritas nas que se avaliará o grado de adquisición dos coñecementos conceptuais presentados ao longo das diferentes sesións. Para a superación destas probas e a eliminación da materia, farase imprescindible a obtención dunha puntuación mínima de 5. Previsiblemente, realizarase polo menos unha proba escrita por trimestre.
2. Realización un traballo sobre algún aspecto tratado na materia, empregando os recursos dispoñibles de forma coherente e eficaz, partindo das convencións de presentación do material establecidas. Este instrumento valorará en que medida o alumnado é capaz de propoñer e de realizar, en termos aceptables, un traballo individual ou en grupo, que o motive a interesarse en descubrir e coñecer as metodoloxías habituais na disciplina, así como as súas técnicas (presentación do material documental en traballos científicos, manexo da documentación, arquivos, elaboración de citas...), considerando como criterio máis importante a autenticidade, o rigor e a aplicación das técnicas de investigación apresas.
3. Este traballo será titorizado polo profesor, que orientará ao alumno na procura de información se este así o require, e levarase a cabo durante o último trimestre, supoñendo que nese momento o alumno estará cualificado para abordar unha tarefa deste



tipo.

4. Realización de diferentes actividades propostas en clase, xa sexan estas levadas a cabo no transcurso de cada sesión ou suxeridas polo profesor para sesións vindeiras. Estas actividades poden ser desde lecturas de textos de carácter musicolóxico, realización de comentarios auditivos, procuras bibliográficas, etc...

Valorarase igualmente a participación en clase, o interese mostrado polo alumno e o respecto ás diferentes manifestacións musicais, a través da observación.

Mínimos esixibles

1. Poder emitir un xuízo valorativo estético musicolóxico desde un punto de vista científico e omnicompreensivo.
2. Manexar as fontes, as ferramentas e técnicas de traballo empregadas, con fines de investigación.
3. Relacionar de forma autónoma e crítica os coñecementos adquiridos a un nivel práctico, analítico e interpretativo, con datos doutra índole, de carácter en ocasións extramusical (social, histórico, cultural, político, tecnolóxico, etc).
4. Coñecemento dos diferentes enfoques desde os que é posible abordar as manifestacións musicais.

Proba de setembro

Realización dunha proba escrita nas que se avaliará o grado de adquisición dos coñecementos conceptuais indicados na presente programación. Para a superación destas probas e a eliminación da materia, farase imprescindible a obtención dunha puntuación mínima de 5.

Temporalización

Primeiro Trimestre:

Dende o Tema 1, A Musicoloxía, ata o Tema 3, Fontes da Musicoloxía.

Segundo Trimestre:

Dende o Tema 4, A Investigación Musicolóxica, ata o Tema 6, A Redacción do Traballo.

Terceiro Trimestre:

Tema 7, Outras Ferramentas de Investigación Musical.

Con esta distribución de contidos preténdese presentar nos inicios unha panorámica xeral da disciplina, para situar ao alumno no vasto campo que abarca e proporcionarlle unhas nocións básicas sobre a súa xustificación. Nun segundo momento, se afondará someramente na investigación musicolóxica, sempre buscando a utilidade e aplicación inmediata dos coñecementos aos requirimentos do nivel de coñecementos e da actividade desenvolvida no momento presente polo alumno. Finalmente, intentarase aplicar o aprendido á lectura e comentario de fontes relacionadas coa materia dun xeito máis ou



menos directo, onde se demostrará a destreza no uso de distintas ferramentas de análises e valoración adquiridas previamente.

Recursos didácticos

Posto que non existe un texto específico que se considere unha introdución á Musicoloxía, farase uso de diferentes manuais, sendo un dos obxectivos, precisamente, a familiarización cos textos básicos da disciplina. Así mesmo, se potenciará a procura de información en fontes enciclopédicas, dicionarios, revistas, soportes informáticos, etc., polo que se fai imprescindible o uso das instalacións do centro, especialmente da Biblioteca.

En calquera caso recomendarase o *Prontuario de Musicoloxía*, de Carmen Rodríguez Suso, como manual de referencia para a iniciación na materia. (Ver Bibliografía).

Por suposto, farase uso de todas as fontes documentais dispoñibles no centro ou proporcionadas polo profesor, como edicións facsímiles, gravacións, etc.

Así mesmo utilizaranse fotocopias con cadros sinópticos, resumos e esquemas da materia, etc.

Bibliografía recomendada:

Bibliografía básica:

- RODRIGUEZ SUSO, Carmen: *Prontuario de Musicoloxía*. Clivis Publicaciones, Barcelona, 2002.
- CHAILLEY, Jacques: *Compendio de Musicoloxía*. Madrid, Alianza Editorial, 1991.

Bibliografía complementaria:

- AGUILAR, M^a del Carmen: *Aprender a escuchar música*. Machado Libros, Madrid, 2002.
- A.A.V.V. "Sources", en *The New Grove Dictionary of Music and Musicians*. (1980). Vol. 17, (pp. 676-77) BAGÉS, J.: "La música contemporánea: un reto para la documentación". En *Scherzo*, Año XVIII, N 170. Diciembre 2002. (pp. 118-119)
- CARRERAS, J.J.: "La historiografía artística: la música", *Teoría de la historia de la literatura y el arte*, Aullón de Haro, P. (Ed.).
- CASINI, C.: *El arte de escuchar la música*. Paidós Ibérica, Barcelona, 2006.
- COPLAND, A.: *Cómo escuchar música*. Fondo de Cultura Económica. Madrid, 1994.
- CHION, M.: *El sonido*. Paidós, Barcelona, 1999.
- DALHAUS, C.: *Fundamentos de la historia de la música*. Barcelona, Gedisa Editorial, 1997.
- DALHAUS, C.: *Estética de la música*. ed. Reichenberger. Kassel, 1996. (Traduc. en castellano).



- FOREMAN, Lewis (Ed): *Information Sources in Music*. K.G.Saur, München, 2003
- GARCÍA LABORDA, J.M.: La música moderna y contemporánea a través de los escritos KERMAN, J.: *Musicology*. London: Fontana Press, 1985.
- MEYER, L.: *El estilo en la música. Teoría musical, historia e ideología*. Madrid, Ediciones Pirámide, 2000.
- de sus protagonistas. Colección de Cultura Moderna.
- RAYNOR, H.: *Una historia social de la música. Desde la Antigüedad hasta Beethoven*. -Madrid, Siglo XXI, 1986.
- Recursos de la Música y la Danza en España. Centro de Documentación de Música y Danza. Ministerio de Educación y Cultura. INAEM. (Ver publicaciones).
- SCHAEFFER, P.: *Tratado de los objetos musicales*. Alianza, Madrid, 1988.
- ZAMACOIS, J.: *Temas de estética y de historia de la música*. Idea Books. Barcelona 2003.

Contidos

Contidos Actitudinais:

1. Interese polo coñecemento profundo dos fenómenos que subyacen ás manifestacións musicais.

Contidos Procedimentais: Análise e comentarios de audicións, textos históricos, partituras e críticas de concertos. Recensións críticas.

Elaboración de eixes cronolóxicos e mapas históricos ou conceptuais sobre diferentes períodos.

Preparación e asistencia a concertos, conferencias ou exposicións relacionadas coa materia e o seu posterior comentario e debate.

Utilización de medios audiovisuais e de novas tecnoloxías.

Utilización e aproveitamento das fontes de información musical que están ao noso alcance, (bibliotecas, hemerotecas, centros de documentación musical, etc.)

Contidos Conceptuais:

A continuación especificase dun xeito o máis concreta posible cales serán os puntos a abordar durante as diferentes sesións:

Tema 1. A MUSICOLOXÍA

1. Conceptos básicos.
2. A musicoloxía e as súas ramificacións. Campos de estudio.
3. Os pais da Musicoloxía Guido Adler A Musicoloxía Histórica A Musicoloxía Sistemática A Musicoloxía Aplicada Hugo Riemann



1. Antecedentes históricos.O coñecemento do pasado. A historiografía musical.Grandes modelos ou paradigmas historiográficos.A Musicoloxía como disciplina académica.Escolas e enfoques actuais.[Tema 3. FONTES da MUSICOLOXÍA](#)

1. A accesibilidade das fontes.
 - Fontes Primarias, Secundarias e Bibliografía.
2. Tipos de fontes musicais.
 - Fontes Escritas.
 - Fontes Iconográficas.
 - Fontes Fonográficas
 - A Organoloxía.
 - A literatura musical. Un tipo particular de fonte.
3. A documentación musical.
 - A utilización dos datos
 - RILM, RISM, RIPM...
 - O SBN-Musica
 - UNIMARC
 - As institucións. AEDOM, INAEM...
4. A música contemporánea. Un reto para a documentación.
5. Nocións de catalogación e codicoloxía.

[Tema 4. A INVESTIGACIÓN MUSICAL](#)

1. O protocolo científico.
 - Formulación dun tema ou hipótese de traballo.Procura da información ou fase de documentación. Arquivos e BibliotecasCentros de Documentación e investigaciónFonotecas, laboratorios, museos...Resolución do problema e contraste de hipótesePresentación de resultados. Tipos de investigación musicolóxica.HistoriaTeoría e análiseEstudios filolóxicos-textuaisInvestigación arquivística e de documentaciónLexicografía e terminoloxíaOrganoloxía e iconografíaPráctica interpretativaEstéticaSociomusicoloxíaMusicoloxía cognitivaPsicoloxía da músicaEstudios de xéneroEtnomusicoloxíaArqueomusicoloxía*Computer Musicology*..

[Tema 5. A ORGANIZACIÓN DO TRABALLO](#)

1. O índice como hipótese de traballo.
2. Fichas e anotacións.

[Tema 6. A REDACCIÓN DO TRABALLO](#)

1. As citas.As notas ao pé de páxina. Sistema cita-nota e autor data.A bibliografía finalOs apéndices[Tema 7. OUTRAS FERRAMENTAS DE INVESTIGACIÓN MUSICAL](#)

1. O comentario de textos estético-musicais.
 - Estrutura do comentario.
 - Introducción
 - Desenvolvo
 - Conclusións



- Niveles de comentario.
 - Nivel descritivo ou denotativo.
 - Nivel explicativo ou connotativo.
 - Nivel crítico ou valorativo.
 - Nivel artístico.
 - Contextualización do texto.
 - Na obra.
 - No contexto da obra do autor.
 - O autor na súa época.
2. O comentario de audicións.
- Que dicir.
 - Como dicilo.
 - Estrutura de comentario.
 - Comentario interno.
 - Melodía
 - Ritmo
 - Textura
 - Harmonía
 - Timbres
 - Estrutura e forma
 - Comentario externo.
 - Estética subxacente
 - Socioloxía e cultura.
 - Autor.
 - Interpretación.
 - Niveis de comentario.
 - Copland e os estadios auditivos. (Sensual, expresivo e musical).
 - Schaeffer e M. Chion.
 - A aculoxía. O son como obxecto cultural.
 - escoita casual, escoita semántica, escoita reducida.
 - O obxecto sonoro.

Actividades complementarias e extraordinarias:

Sempre que sexa posible, animarase ao alumno a acudir aos concertos organizados polo conservatorio, e ofrecerase a posibilidade de realizar pequenas críticas dos mesmos, que serán avaliadas positivamente no cómputo da avaliación final.



Anexo I

Faltas de asistencia

Establécense dous tipos de faltas:

- Xustificadas.
- Sen xustificar.

O profesor será o responsable de controlar as faltas (*admitindo ou non a súa xustificación*), supervisado pola xefatura de estudos.

Faltas Xustificadas			Faltas sen Xustificar		
	Por Trimestre	Total Curso		Por Trimestre	Total Curso
Materias de 1 sesión semanal	3	9	Materias de 1 sesión semanal	2	6

* Non se poderá superar o número de faltas xustificadas ou sen xustificar, pois acumúlanse ámbalas categorías, así mesmo nunca poderá excederse o máximo establecido para as faltas xustificadas, xa sexa non trimestre, ou non total do curso.